


## **ACTUACIÓN ANTE UNHA EMERXENCIA**

1. Cando calquera persoa do Centro detecta unha situación de risco (incendio, inundación, entrada de persoas estrañas, etc.), debe de avisar inmediatamente, ao profesor ou profesora que estea mais preto do lugar de risco. De non existir aula, avisar a Conserxería.

**NUNCA DEBE DE ACTUAR, POÑENDO EN PERIGO A SÚA VIDA.**

2. Esperar instrucións do profesorado da aula avisada ou quedar na Conserxería esperando instrucións.
3. Cando Teña que informar da situación de risco. Indique:
  - a. Lugar onde detectou a incidencia.
  - b. Describirá, de forma sucinta, a incidencia.
4. Se está nunha aula/taller e escoita a Alarma Xeral, deixe o que está facendo. Se está nun taller, traballando con unha máquina, apáguela e déixea en situación segura. Logo prepárese para saír da aula/taller seguindo as instrucións do profesor ou profesora. Debe saír diante do profesorado da aula e dirixirse cara o Punto de Encontro en silencio e sen correr (ver planos de evacuación situados polo Centro).
5. No Punto de Encontro deberá situarse no lugar que teña indicado, en función do curso que estea a facer no Centro.
6. No Punto de Encontro estea en silencio xa que o profesorado asociado a súa materia pasará lista que quere saber se vostede está en situación de risco ou está a salvo.
7. En todo momento, colabore coa Dirección de Emerxencia e siga as instrucións que reciba. Axude as persoas con problemas de mobilidade.

**SEMPRE PROCEDA CON CALMA. NON BERRE E CANDO SAIA CARA O PUNTO DE ENCONTRO  
RECORDE:SEN PRÉSA PERO SEN PAUSA".**



**Figura 1.-Punto de Encuentro. Situación y distribución de alumnado y profesorado**

8. No Punto de Encuentro. Separaranse os grupos por familias, cada un na súa zona (ver figura 1), e procederase ao reconto do persoal. Mellor pasando lista.
9. Tanto se falta alguén coma se están todos no punto de encontro, cada profesor ou profesora informará a Xefatura de Evacuación da súa correspondente situación no Punto de Encuentro o máis rápido posible.
10. A Xefatura de Evacuación informará desta situación a Dirección de Emerxencia.
11. Se alguén tivese quedado sen evacuar. A Dirección de Emerxencia consultaría coas xefaturas de evacuación e intervención a posibilidade de organizar un rescate. Neste caso terase en conta que:

**A VIDA DUN COLECTIVO DEBE DE PRIMAR SOBRE A INDIVIDUAL.**

Verase se con axuda dos membros do equipo de intervención, un grupo de evacuación pode rescatar a persoa atrapada.

12. A Dirección de Emerxencia consultará coa Xefatura de Intervención a posibilidade de actuar contra a incidencia cos medios propios ou de solicitar axuda externa. En caso de solicitar a axuda externa, xa sexa a propia Dirección de Emerxencia ou o Grupo de Comunicación serán quen faga a chamada ao teléfono de emerxencia 112.

- 13.** Durante o tempo que dure a emerxencia, TODO o persoal debe de estar situado e localizado no Punto de Encontro. Só o Equipo de Intervención pode estar, co seu Xefe de Intervención, preto da zona sinistrada e sen risco para a súa vida.